Organiza Concello de Cambre e Federación Galega de Atletismo. Esta carreira está integrada dentro das 30 carreiras do V Circuíto de Carreiras Populares da Deputación Provincial da Coruña que se desenvolverán ao longo do 2017

HORARIO DAS SAÍDAS:

• 10:30 h: Mini

• 10:40 h: Benxamín

• 10:50 h: Alevín

• 11:00 h: Infantil, Cadete, Xuveníl

• 11:10 h: Resto das categorías (Xunior, Promesa, Seniors, Veteráns).

LUGAR DE SAÍDA:

• Polideportivo Municipal de Cambre, Sofía Toro (detrás do Concello)

INSCRICIONS:

Ata as 20:00h do sábado 12 de Agosto na páxina web www.carreirasgalegas.com. Todas as categorías son gratuitas.

CATEGORÍAS (MASCULINAS E FEMININAS):

Categoría	**Nados/as**
Mini	2010 e posteriores
Benxamín	2008-2009
Alevín	2006-2007
Infantíl	2004-2005
Cadete	2002-2003
Xuvenil	2000-2001
Absoluta	1999 ata veterán
Veterano 1	De 35 a 40 anos cumpridos ata o día da proba
Veterano 2	De 41 a 49 anos cumpridos ata o día da proba
Veterano 3	De 50 a 59 anos cumpridos ata o día da proba
Veterano 4	A partir de 60 anos de idade cumpridos ata o día da proba

CIRCUITOS:
CIRCUITO 1: (Nas inmediacións do Polideportivo de Cambre, Sofía Toro)

1.a) Carreira Mini:

Hora: 10:30 h.
Distancia: Entre 150 e 300 mts.
Carácter participativo, non haberá clasificación.

1.b) Carreira Benxamín:

Hora: 10:40 h.
Distancia: Entre 500 e 1.000 mts.
Premio: Agasallo para os tres primeiros nenos e tres primeiras nenas.

1.c) Carreira Alevín:

Hora: 10:50 h.
Distancia: Entre 600 e 1.100 mts.
Premio: Agasallo para os tres primeiros nenos e tres primeiras nenas.

CIRCUITO 2: (Saída dende o Pabellon Sofía Toro, baixada ó Río Mero e volta ó Pabellon)

Carreira Infantil:

Hora: 11:00 h.
Distancia: 2800 mts.
Premio: Agasallo para os tres primeiros nenos e tres primeiras nenas.

Carreira Cadete:

Hora: 11:00 h.
Distancia: 2800 mts.
Premio: Agasallo para os tres primeiros nenos e tres primeiras nenas.

Carreira Xuvenil:

Hora: 11:00 h.
Distancia: 2800 mts.
Premio: Agasallo para os tres primeiros nenos e tres primeiras nenas.

CIRCUITO 3:

Resto das Carreiras (Absoluta, Veterans 1, Veterans 2, Veterans 3 e Veterans 4):

Hora: 11:10 h.
Distancia: 7.500 mts.
Limitase a participación nesta carreira a 800 deportistas.
Premio: Agasallo para os tres primeir@s clasificad@s en cada categoría

MOI IMPORTANTE:

• A data tope de recepción de inscricións será o **sábado, 12 de agosto, ás 20:00 horas**. Non se admitirá baixo ningún concepto ninguna inscripción posterior á devandita data, nin por suposto o mesmo día da competición.

• Na inscrición hai que indicar o nome completo, data de nacemento completa, procedencia (localidade, clube...), Número de licencia (en caso de ser federado) DNI (imprescindible), teléfono, dirección e e-mail se queren recibir información, resultados, etc...

RECOLLIDA DE DORSAIS:

No Pabillón Sofía Toro de Cambre o luns 14 de agosto de 17:00 a 21:30 e, o mesmo día da carreira, entre as 9:15 h e as 10:30 h. Recoméndase chegar con tempo suficiente para evitar colas de última hora.

Importante: O dorsal ten adherido a parte traseira o chip de control, e moi importante no manipular a pegatina que o cubre.

CONTROL DE CHEGADA:

A cronometraxe correrá a cargo da Federación Galega de Atletismo.

TROFEOS E PREMIOS:

- Medallas para os tres primeiros calsificados de cada categoría tanto masculina como feminina agás na categoría de Minis.
- Na categoría minis todos os corredores recibirán un agasallo.
- Trofeo ao corredor/a de maior idade que termine a proba.
- Trofeo ao corredor/a de menor idade que termine a proba.
- Trofeo ao primeiro e primeira atleta clasificado/a de o Concello de Cambre, ben que resida no municipio ou ben sexa natural do mesmo. Para optar a este premio deberá facer constar na inscrición esta circunstancia (será imprescindible). Para recibir o trofeo deberá acreditar a súa residencia ou nacemento en Cambre.

- Poderase esixir o DNI para a entrega de trofeos.
- Farase entrega dos mesmos ao finalizar a proba.

OUTROS

• Aínda que a proba sexa de carácter estritamente deportivo e popular, admitiranse reclamacións, pero agárdase un espírito e un comportamento deportivo por parte de todos os participantes. As reclamacións aos resultados oficiais formularánselle ao xuíz árbitro da competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados.
• Seguro: todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, excluídos os casos derivados de un padecemento latente, imprudencia o inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento; o lugar da competición ou dende o mesmo. Non se permitirá a existencia no percorrido de ningún vehículo axeno a organización, estando estes últimos debidamente identificados.
• Soamente se permite aos membros da organización a utilización de vehículos para o seguimento da proba, estando rigurosamente prohibido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda ou correndo a pe, sendo motivo de descalificación.
• A organización dispoñerá de SERVICIOS MÉDICOS E AMBULANCIA dende una hora antes do comezo da carreira e ata media hora despois de pechar o acto. Os Servicios médicos, están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifestase un mal estado físico durante o desarrollo da mesma. Así mesmo, recomendase a todos os inscritos, leven a cabo antes de tomar parte na carreira un recoñecemento de aptitude médico-deportivo que descarte calquera patoloxía que impida a súa participación.
• A inscrición implica ler, ter entendido e adquirido o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores.
• Todos os participantes o fan baixo a súa propia responsabilidade e polo feito de saír acepta o presente regulamento.
• A proba contará co apoio de Protección Civil e Policía Local de Cambre.

• Facilitarase servizo de duchas, que estarán situadas no Polideportivo de Cambre, Sofia Toro.
• Todo o non recollido neste regulamento resolverase de acordo co Regulamento da RFEA e FGA para probas en ruta en vigor.
• Os resultados publicaranse na web do Concello de Cambre, da Federación Galega de Atletismo.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.

www.cambre.es www.carreirasgalegas.com www.atletismogalego.org